

PROTOCOLO DE ACCESO E USO DA BIBLIOTECA. CURSO 2020-2021

- 1.- Acceder á biblioteca e permanecer nela coa **máscara ben colocada**. Lémbrese a **prohibición de comer** na sala.
- 2.- **Hixienizar as mans antes e despois** da estancia na sala.
- 3.- **Hixienizar SEMPRE as mans** antes e despois de usar os **ordenadores** da sala.
- 4.- Hixienizar o posto de traballo tras o seu emprego.
- 5.- **Non tocar os libros dos andeis**. Ante calquera necesidade, falar co profesorado encargado da Biblioteca.
- 6.- Empregar as papeleiras de pedal para depositar os refugалlos.
- 7.- Avisar a profesora ou profesor ao que remate o xel hidroalcólico nalgunha das **botellas recargables** para proceder á súa recarga.
- 8.- **PRÉSTAMO DE LIBROS E OUTROS MATERIAIS:**
 - 8.1.- Os libros/materiais solicitaranse os LUNS, MARTES E MÉRCORES mediante petición depositada na caixa de solicitudes instalada á entrada da Biblioteca.

Débese indicar na solicitude: nome, apelidos, curso e grupo da persoa solicitante xunto co título e autora/autor da obra solicitada.
 - 8.2.- Os libros/materiais recolleranse os XOVES E VENRES durante os recreos de mañá e tarde correspondentes a cada curso gardando a distancia de seguridade de 1.5 metros.
 - 8.3.- O material devolto permanecerá 4 horas en caixas en corentena illadas antes de volver aos andeis.
 - 8.4.- Os xornais e revistas pódense consultar de xeito individual previa hixienización de mans. Tras o seu emprego, devolveranse á hemeroteca/andel de revistas.